



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CORDA FROTADA, VENTO MADEIRA E SAXOFÓN, VENTO
METAL E PERCUSIÓN

MATERIA: REPENTIZACIÓN

Desenvolvemento da habilidade de repentizar obras de dificultade progresiva, que permita perfeccionar tanto a capacidade de automatismo e velocidade na lectura do texto musical como a comprensión inmediata do sentido dos seus elementos esenciais -formais, harmónicos, temáticos, etc- e a súa interpretación no instrumento a medida que se le a obra.

Práctica da transposición, tanto escrita como repentizada, a tódalas tonalidades.

OBXECTIVOS XERAIS

- Consegur fluidez na lectura a primeira vista, baseándose na análise e comprensión da partitura en tódolos seus elementos.
- Analizar estruturalmente a harmonía de obras de distintas épocas e estilos do repertorio do instrumento e repentizalas.
- Ler a primeira vista formando parte dun grupo.
- Transportar a calquera tonalidade obras de dificultade progresiva.
- Realizar en arpexios estruturas harmónicas dadas, en calquera tonalidade.
- Ler en arpexios extraendo a estrutura harmónica dunha obra de carácter tonal, prescindindo dos elementos melódicos e rítmicos.
- Transportar estruturas harmónicas extraídas da análise de obras do repertorio do instrumento.
- Improvisar ó instrumento melodías baseadas en estruturas harmónicas dadas.
- Realizar acompañamentos de 2ª voz ou de baixo, segundo o instrumento, a melodías de diferentes estilos

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Lectura a primeira vista, grados de preparación da lectura.
- Análise harmónico e formal de obras ou fragmentos de estilo barroco, clásico, romántico e moderno.
- Lectura a primeira vista de obras a dúo ou de grupo de cámara.
- Estructuras harmónicas de ata dezaseis compases con modulación por cambio de función tonal, progresións modulantes, funcións de tódolos graos da escala, dominantes secundarias, acordes de 7ª de dom., sensible e diminuída, fundamentais e invertidos.
- O transporte de melodías á 2ª e 3ª M e m e 4ª J.
- Transporte de estruturas harmónicas como as do apartado d á 2ª e 3ª M e m. e 4ª J.
- Acompañamento como 2ª voz ou baixo, segundo o instrumento, a unha melodía tonal de ata dezaseis compases.



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE CORDA FROTADA, VENTO MADEIRA E SAXOFÓN, VENTO
METAL E PERCUSIÓN

MATERIA: REPENTIZACIÓN CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Ler a primeira vista previa lectura con e sen o instrumento, práctica habitual da lectura en solitario.
- Transportar unha obra previa lectura con e sen o instrumento, práctica habitual do transporte en solitario.
- Repentizar obras a dúo ou de grupo de cámara, previa análise con e sen instrumento.
- Analizar obras de estilo barroco, clásico, romántico e moderno atendendo á forma, harmonía, melodía, tipo de cadencias, rítmica, etc. e escribir a súa estrutura harmónica, como aplicación á repentización.
- Ler a primeira vista unha partitura extraendo a estrutura harmónica.
- Memorizar a estrutura harmónica previamente á lectura de fragmentos curtos.
- Transportar a estrutura anterior.
- Improvisar melodías de ata dezaseis compases no instrumento, baseándose nunha estrutura harmónica dada.
- Improvisar unha segunda voz ou un baixo, segundo o instrumento, a unha melodía dada aplicando o patrón rítmico máis conveniente ás súas características.

AVALIACIÓN

A avaliación e continua e realizarase durante todo o proceso de ensino- aprendizaxe a traveso do traballo realizado na clase e tamén do traballo individual e dos controles.

Nela hai tres fases fundamentais:

- A avaliación inicial, que servirá para situa-los coñecementos previos ós contidos a ensinar.
- A avaliación formativa ou procesual, que servirá para controla-lo proceso.
- A avaliación sumativa ó final do proceso, que toma como referente os criterios de avaliación fixados para o curso ou trimestre.

Son importantes os controles periódicos deste proceso ó fin de determinados períodos de tempo ou de diferentes series de contidos, realizando avaliación sumativa de todos eles.

Os controles realizaranse nos meses de Decembro, Febreiro, Marzo e Maio.

A avaliación inicial farase ó principio do curso e ó inicio do traballo sobre cada un dos diferentes contidos.

Ó fin de cada cuadrimestre emitirase informe ca cualificación do período.

Valorarase especialmente a asistencia regular ás clases e a actitude con respecto á materia.



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

**ESPECIALIDADE CORDA FROTADA, VENTO MADEIRA E SAXOFÓN, VENTO
METAL E PERCUSIÓN**

MATERIA: REPENTIZACIÓN

Os alumnos/as que teñan máis de catro faltas ó longo do curso, xustificadas ou non, realizarán un exame ó fin do curso no que se incluírán todo-los contidos da materia.

Convocatoria de Setembro: O exame comprenderá todo-los contidos da materia.

PROBAS DE EXAME: CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

- Presentación dun traballo sobre doce estudos de diferentes estilos que consistirá no análise formal e harmónico, ademais do estudio ó instrumento e transposición dos mesmos.
- Lectura a primeira vista dunha obra ou estudio dunha extensión mínima de 24 compases.
Análise da harmonía, forma, procesos cadenciáis etc. e transposición da mesma a calquera tonalidade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ler a primeira vista unha obra no instrumento, previa análise.
- Transportar ós intervalos citados a peza anterior.
- Realizar unha estrutura harmónica de ata dezaseis compases cos contidos citados.
- Transporte ás tonalidades citadas da estrutura anterior.
- Lectura extraendo a estrutura harmónica dunha obra ou fragmento.
- Lectura a primeira vista dunha obra a dúo ou de grupo de cámara.
- Improvisar unha melodía de dezaseis compases no instrumento, dada unha estrutura harmónica.
- Improvisar o acompañamento de 2ª voz ou de baixo, segundo o instrumento, a unha melodía de oito compases, aplicando o patrón rítmico máis conveniente ás súas características.

MATERIAIS

O material a utilizar será orixinal para cada instrumento: métodos de estudo, obras, etc., secuenciado progresivamente por épocas e estilos e con gradación de dificultade segundo os trimestres.

AGRUPAMENTO

Segundo o decreto 183/2001 polo que se establece o currículo de grado superior, o agrupamento de alumnos pode facerse, como máximo, con catro alumnos por hora, aínda que o departamento considera que esta agrupación de alumnos non e acorde co tipo de traballo a realizar, xa que resulta insuficiente por ser unha materia que require práctica individual.